



PREGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE QUIOSCO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE TABOADELA

I. - OBXETO DO CONTRATO.

O obxeto do contrato é a concesión do servizo do Quiosco situado no recinto das piscinas municipais de Taboadea.

Ocasionalmente, poden organizarse eventos que poidan determinar unha masiva afluencia de personas.

II. - DEREITOS E OBLIGACIÓNS DO CONTRATISTA E DO CONCELLO.

Son dereitos do adxudicatario, os que resulten da documentación contractual e, en todo caso, os seguintes:

- Ser respectado por terceiros na súa calidade de contratista e obter da administración o apoio e protección necesarios para o desenvolvemento da actividade en normais e para o cesamento das perturbacións que puidesen ocorrer.
- Percibir dos usuarios do servizo a contraprestación pactada.
- Proponer á Administración cantas modificacións estime necesarias respecto diso.
- Explotar o Quiosco, concretando á actividade propia da referida industria, nos locais indicados e durante o período sinalado nestas bases.
- Dispoñer da superficie necesaria para a colocación de mesas e cadeiras destinadas ao servizo no espazo circundante.

Son obligacións do adxudicatario, as que resulten da documentación contractual e, en todo caso as seguintes:

- Utilizar os locais para destinalos a quiosco.
- Recaudación e xestión das entradas da Piscina. Os ingresos acadados serán a favor do Concello de Taboadea. En todo caso, os precios son os fixados polo Concello de Taboadea na corresponde Ordenanza, así como as exencións no pagamento da entrada.
- Adquisición de todos os elementos que considere necesarios para un mellor funcionamento do servizo. O servizo de restauración implica a obligación de





suministrar refrescos, snacks, helados, café ou semellantes, además de bocadillos e sandwich.

- Contratación do personal para a adecuada explotación do servizo, sendo por conta e cargo do adxudicatario o abono de salarios e de toda clase de seguros que procedan.
- Exposición ao público, en táboa visible, do precio dos artigos. Os precios serán revisados na forma e contía que dispoña a lexislación específica ou anualmente, tendo en conta os precios medios dos establecementos similares da zona, se tal lexislación específica non o prohíbe, a proposta do contratista e previa a conformidade do responsable do contrato.
- Esmerada limpeza do establecemento.
- Posuir un seguro de responsabilidade civil, que lle dea cobertura sobrada respecto de calquera posible dano ás persoas e instalacións (importe mínimo de 150.000,00).
- Todo o persoal que preste o seu servizo nos locais, deberá posuír o carné de manipulador de alimentos e o adxudicatario causar ou estar dado de alta no imposto de actividades económicas e no correspondente réxime da Seguridade Social.
- En canto á apertura e explotación dos establecementos, o adxudicatario deberá aterse ás disposicións vixentes para este tipo de actividade, solicitando, se fose o caso, os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións. De forma especial deberá visiar escrupulosamente o cumprimento da lexislación específica no relativo á expedición de bebidas alcohólicas e venda de tabaco.
- Nos locais non poderán instalarse máquinas de xogo de azar a, poderá retransmitirse según lexislación, televisión ou música.
- Manter o local aberto todos os días, de acordo co horario que se sinale no prego de prescripcóns técnicas e na oferta presentada.
- A actividade estará supeditada á programación, horario e eventos que se realicen.
- Respetar e facer respetar a boa orde e conservación dos locais e aveños o quiosco.
- Realizar o debido mantemento, revisións e reparacións de todas as instalacións, equipamentos e mobiliario que sendo propiedade do Concello achéganse para a prestación do servizo, segundo figuran relacionadas no prego de prescripcóns técnicas.
- Respetar e facer respetar o bó orde e conservación dos locais e enseres do quiosco.
- Realizar debido mantemento, revisions e reparacions de todas as instalacions, equipamentos e mobiliario que sendo propiedade do Concello se aportan para a





prestación de servizo, según figuran relacionadas no prego de prescripcóns técnicas.

- Non poderá allear, ceder, arrendar nin gravar os bens e dereitos afectos ao servizo, salvo autorización expresa do Concello.
- Instalación de sistema de alarma.
- O adxudicatario, previo consentimento expreso do Concello, poderá realizar as obras de mellora que considere necesarias.
- O adxudicatario, estará obrigado a manter o inmovible en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, realizando os labores necesarios de limpeza que se citan a continuación:
 - Limpeza de baños e vestuarios das piscinas duas veces o día
 - Limpeza do quiosco unha vez o día, como mínimo
 - Limpeza do recinto (terraza e papeleiras) unha vez o día como mínimo.
 - Conservación e mantemento das instalación dos bares
- Deberase tratar ao público con corrección, dentro das normas de convivencia cidadá.
- Non exceder os 45 db de sonido de 8 horas a 22 horas e os 30 db o resto do tempo, medidos no exterior

Son dereitos e facultades da administración:

- A reversión das obras, instalacións e equipos vinculados ao contrato cedidas polo Concello ao contratista, libres de calquera carga ou grave, ao día seguinte da súa terminación, deixando de utilizar os bens, poñéndoos todos ao dispor da administración en perfecto estado de conservación e mantemento.
- Inspeccionar, en calquera momento, o servizo, as súas obras e instalacións.
- Resolver o contrato antes do seu vencemento, se circunstancias de interese público así o aconsellan. Salvo que a decisión se base en causas imputables ao adxudicatario, outorgarase unha indemnización consistente na devolución da cantidade aboada previamente, de acordo coas disposicións legais vixentes. En tales casos, o adxudicatario comprométese a abandonar e desaloxar as instalacións no prazo dun mes desde a notificación do acordo de resolución. Pola contra, perdería automaticamente o dereito a indemnización, sen prexuízo das accións legais que puidese emprender a administración.
- Ao secuestro ou intervención da concesión, nos termos do artigo 263 da LCSP.





- Ao rescate da concesión e á supresión do servizo, por causa motivada de interese público nos termos do artigo 294 da LCSP.
- O adxudicatario ten o deber de comunicar cun mes de antelación a renuncia á concesión. En caso de abandono das súas reponsabilidades, sen o aviso previo coa antelación establecida, perdería a totalidade da fianza entregada no momento da firma do contrato.

É obrigación da administración outorgarlle ao adxudicatario a protección adecuada para que poida prestar o servizo en condicións de normalidade. O Concello garantirá o mantemento do céspede en condicións en canto a rego, crecemento e eliminación de pragas.

III. - CONDICIÓN DO SERVIZO E HORARIOS:

Tendo en conta a natureza do obxecto do contrato, éste terá unha duración anual, nas que necesariamente se incluírán as datas nas que a piscina permañeza aberta, estimándose como tempada estival a correspondente aos meses de xuño a setembro.

Unha vez que finalice o prazo e no seu caso as prórrogas, reverterán no Concello todas as instalacións que constitúan os elementos fixos do quiosco, xunto con aqueles que sen ser fixos queden encaixados nalgún elemento dos locais, así como toda clase de melloras que puidesen facerse durante o tempo que rexa a concesión.

Calquera obra, instalación ou mellora que pretenda facer o adxudicatario deberá ser autorizado polo Concello; en caso de autorizarse os gastos ocasionados serán de conta do concesionario.

O quiosco estará aberto ao público todo o período e horario de apertura das instalacións da piscina mínimo en tempada estival, e en horario comercial o resto.

IV. - FACULTADES DO CONCELLO.

O responsable do contrato controlará e fiscalizará, que a prestación do servizo desenvólvese de forma convida e, dará as instrucións para o correcto desenvolvemento do obxecto do contrato.

O responsable do contrato interpretará o contrato e resolverá as dúbidas n asúa execución.





Propoñerá modificacións, no seu caso, que serán aprobadas polo órgano de contratación, previa audiencia do contratista. Con suxeición ás determinacións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cando as circunstancias aconsélleno, mediante Resolución da Alcaldía, poderá suspendense temporalmente a obrigaón do mantemento do servizo.

O Concello reservarase a facultade de realizar actividades dentro do recinto das piscinas, que lle serán notificadas ao interesado con antelación. A Administración obrígase a facer efectiva ao concesionario a entrega dos medios auxiliares necesarios para a prestación do servizo.

No caso de que a Administración non cumpra a obrigaón indicada no parágrafo anterior, e non proceda a resolución do contrato ou o concesionario non a solicite; este terá dereito ao interese de demora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 198.

V. - EQUIPAMENTO E MOBILIARIO ACHEGADO POLO CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.

QUIOSCO DA PISCINA MUNICIPAL DE TABOADELA

- Vertedoiro e auga corrente

Aos licitadores corresponderalles verificar, segundo o seu criterio, a súa posible utilización.

VI. - REVERSIÓN DE BENS E INSTALACIÓNS.

Sen prexuízo das instalacións, equipamento e mobiliario achegado polo Concello para a prestación deste servizo especificados na cláusula anterior e unha vez finalizada a vixencia do contrato, reverterán ao Concello de Taboadela, gratuitamente, e en perfecto estado de uso, todas as melloras de carácter fixo realizadas polo adxudicatario nas instalacións durante a vixencia do contrato.

En todo caso, calquera obra, instalación ou mellora que pretenda realizar o adxudicatario, deberá ser previamente autorizada polo Concello de Taboadela.





VII. - PERSOAL.

O persoal que empregue o adxudicatario para a prestación deste servizo non terá relación laboral algunha co Concello de Taboada, dependendo única e exclusivamente daquel.

Consecuentemente, o adxudicatario ostentará todos os dereitos e obrigacións inherentes á súa condición de empregador respecto de devandito persoal, de acordo coa lexislación vixente na materia e coa que, en diante, promúlguese, sen que, en ningún caso, resulte responsable o Concello das obrigacións mutuas entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda que os despedimentos e medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento ou interpretación deste contrato.

VIII - CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta económica mais ventaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación cuantificables automaticamente.

1.- Maior canon ofertado a favor do Concello: ata 50 puntos.

Outorgarase a puntuación máxima á mellor oferta económica e ao resto, proporcionalmente.

2.- Actividades e iniciativas complementarias: ata 5 puntos.

Outorgarase 1 punto por cada actividade proposta, con un máximo de 5 propostas. As actividades programadas deberán ser aprobadas polo Concello cunha antelación dunha semana. As actividades terán que ser especificadas xunto coa oferta económica.

3.- Mellora e ampliación de horarios de apertura sobre os mínimos esixidos polo Concello.

- Ata 5 puntos: Por ampliación de horario do quiosco.
- Ata 10 puntos: Por mellora e ampliación do prazo inicial e final de apertura do quiosco.





Cando se produza empate na puntuación outorgada a dous ou máis ofertas, aplicarase o establecido no artigo 147 LCSP.

IX - PREZO DO CONTRATO

O contratista efecturá o ingreso as arcas municipais a través de ingreso bancario na contra do Concello número IBAN: ES12 2080 5258 6031 1013 0583 da seguinte forma:

- o 25% á sinatura do contrato
- o 50% antes do 26 de xullo de 2024
- O restante antes do 30 de Agosto de 2024.

X - PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

As proposicións para tomar parte na contratación presentaranse no rexistro municipal co seguinte modelo en sobre pechado e no cal figurará o lema : “Proposicións para contratar a explotación do quiosco existente nas piscinas municipais de Taboadela”. “D. con D.N.I. n.º con domicilio enen nome propio (ou en representación decomo acredita por) enterado da convocatoria para contratar a explotación do quiosco existente nas piscinas municipais, comprométese a xestiona-lo servizo con estricta suxección ás condicións establecidas, e ofrece como canon para 2021 a cantidade de(en letra e número).....que me comprometo a satisfacer a favor do Concello nos prazos sinalados.

Lugar, data e sinatura.”

Presentaranse simultaneamente có modelo de proposición e en sobre aparte os seguintes documentos :

1. - Fotocopia compulsada do D.N.I.
- 2.- Escritura de poder, orixinal e compulsada, no seu caso, se se actúa en representación doutra persoa.
- 3.-Estar dado de alta como trabador autónomo o sociedade mercantil rexistrada.
- 4.- Declaración responsable de non atoparse incurso nas causas de incapacidade e incompatibilidade para contratar con este Concello.
- 5.- Acreditación de estar ó corrente das Obrigas Tributarias e Seguridade Social.





- 6.- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais. Seguro de responsabilidade civil da explotación.
- 7.- Tabla de prezos e libro de reclamacións.
- 8.- Carnet de manipulador de alimentos.

XI.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaránse en sobre pechado no Rexistro do Concello, no prazo de 10 días hábiles, de 9:00 h. a 14:00h.

A adxudicación será efectuada pola alcaldía podendo deixar deserto a contratación se ningunha das proposicións presentadas non satisface adecuadamente os intereses municipais, aínda no suposto de que concorra un só candidato.

XIII - REGULACIÓN LEGAL

Para o non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de Administración Local de Galicia, lei de contratos do Sector Público, e demais normativa que resulte de aplicación

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

